

PUBLICIDADE DE RESOLUCIÓNS

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DO MAR POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DE MARISQUEO A PÉ COMO CONSECUCENCIA DO BROTE DO COVID-19 (COFINANCIADAS AO 75 % POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA) (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PE401I).

A Orde do 4 de agosto de 2020, publicada o 13.08.2020 (DOG núm. 162) (corrección de erros do 16/09/2020, DOG núm. 188), regula as bases e a convocatoria para o ano 2020 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, pola paralización temporal da actividade de marisqueo a pé como consecuencia do brote do COVID-19 (cofinanciadas ao 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca) (código de procedemento PE401I).

O artigo 22 desta orde establece que serán obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar, <https://mar.xunta.gal/>, as resolucións de desistencia, non admisión, de outorgamento e inclusión na listaxe de reserva, e de denegación das axudas.

O artigo 13 da orde reguladora, no punto A), apartado 5 indica que os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor, que formulará unha proposta de resolución de non admisión ou de desistencia, segundo sexa o caso, no cal se indicarán as causas que o motivan.

O anterior artigo, no punto C), establece que unha vez finalizada a fase de avaliación das solicitudes, a Comisión de Selección procederá a formular a proposta de resolución de concesión das axudas. O presidente da Comisión de Avaliación elevará proposta de resolución, a través do órgano instrutor, ao órgano concedente, que ditará as correspondentes resolucións de concesión.

O artigo 15 da orde reguladora indica que á vista da proposta de resolución, a persoa titular da Consellería do Mar emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou deneguen as subvencións solicitadas.

As resolucións destas subvencións serán obxecto de notificación de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Toda vez que as resolucións foron realizadas segundo a devandita orde reguladora, procédese á publicidade destas nos termos indicados no artigo 22.

En virtude do anterior, infórmase que se presentaron **1.224 solicitudes**, das cales **171** foron obxecto de **resolución de outorgamento** das axudas. Dos expedientes que deron lugar a esas resolucións, 3 foron tramitados pola Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Lugo, 81 pola Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo e 87 pola Xefatura Territorial da Consellería do Mar en A Coruña.

Con relación ás **1.053 solicitudes** que foron obxecto de **resolucións de desistencia, non admisión ou denegación**, os motivos das mesmas son os que se recollen a continuación, cos datos de cuantificación correspondentes:

- Incumprimento dos artigos 1 e 4.1.a) da orde reguladora: obter a titularidade do permiso de explotación posteriormente ao período de referencia subvencionable, polo que a solicitude non está comprendida no obxecto da orde reguladora das axudas; ademais, o permiso de explotación non estaba vixente no período de referencia subvencionable. **5 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 3.1) da orde reguladora: non levar a cabo unha actividade extractiva (días de actividade) de cando menos 120 días durante os anos 2018 e 2019. **59 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 4.1.a) da orde reguladora: non ter permiso de explotación para marisqueo a pé, ou permiso de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar ou permiso de explotación a pé para recursos específicos en vigor, ou ter suspensión temporal deste, durante o período de referencia subvencionable. **20 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 4.1.b) da orde reguladora: non estar en situación de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar no momento da solicitude e durante a vixencia do permiso de explotación para 2020. **26 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 4.1.c) da orde reguladora: a actividade extractiva de marisqueo no período de referencia subvencionable non é inferior á media dos días de actividade no dito período nos tres últimos anos civís anteriores. **97 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 4.1.d) da orde reguladora: non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da CCAA. **4 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 5.a) da orde reguladora: incompatibilidade por ter percibido outras prestacións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. **6 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 5.b) da orde reguladora: incompatibilidade por ter percibido unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade regulada no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. **652 resolucións** deste tipo.



- Incumprimento do artigo 5.d) da orde reguladora: ter percibido prestacións económicas do Sistema da Seguridade Social durante todo o período de referencia subvencionable que resultan contrarias co traballo. **164 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 13.A.5) da orde reguladora e art. 88.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro: solicitude manifestamente carente de fundamento. **1 resolucións** deste tipo.
- Incumprimento do artigo 12.1 da orde reguladora e art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro: non achega a documentación requirida. **16 resolucións** de desistencia.
- Renuncia: **3 resolucións** de aceptación do desestimento.